



ACCIONES DE PLANIFICACIÓN URBANA

-  **C1** Catálogo de soluciones de diseño urbano
-  **C2** Plan estratégico de infraestructuras ecológicas: Plan Especial Biodinámico
-  **C3** Planificación detallada de zonas de confort climático residencial (ZCCR)

ACCIONES DEMOSTRATIVAS

-  **C4** Frondosas
-  **C5** Cultivos enerxéticos
-  **C6** Souto de variedades tradicionais
-  **C7** Restauración de humidal - ENIL (Espazo Natural de Interese Local)
-  **C8** Arboretum
-  **C9** Agricultura urbana
-  **C11** Edificio Impulso Verde

Impulsado por:



Concello de Lugo

Financiado por:



Concello de Lugo



DEPUTACIÓN DE LUGO

Co-financiado pola UE a través do Programa LIFE

Socios:



POLITÉCNICA



LIFE Lugo + Biodinámico

Na vangarda do urbanismo sostible

Cultivos enerxéticos no medio urbano: biocombustibles de elevada eficiencia enerxética




lugobiodinamico.eu

LIFE Lugo + Biodinámico é un proxecto europeo impulsado polo Concello de Lugo, pioneiro na planificación ecosostible en cidades de tamaño medio, aproveitando o uso de recursos naturais propios e potenciando a economía verde. Entre as medidas a desenvolver figuran a construción do primeiro edificio público levantado con madeira de Galicia, o deseño do primeiro barrio multietcológico de España e a elaboración dun catálogo de solucións urbanísticas sostibles, exportable a outras cidades europeas.

Ademais, crearanse espazos divulgativos para a comunidade científica e a sociedade en xeral con plantacións de especies arbóreas e arbustos autóctonos que sexan demostrativos do seu potencial para o desenvolvemento do urbanismo sostible.

No polígono industrial das Gándaras (Lugo), establécese no ano 2017 unha parcela de demostración da capacidade que o medio urbano pode ter para producir, de forma eficiente, parte dos biocombustibles que utiliza, sobre todo para uso térmico (calefacción e auga quente sanitaria-ACS).



A produción de enerxía renovable a través dos cultivos enerxéticos xestionados de xeito sostible pode ter as seguintes vantaxes medioambientais que contribúen a diminuír o efecto invernadoiro:

- Diminución das emisións de xofre.
- Diminución de partículas en suspensión (po).
- Emisións neutras de CO₂ sen contribuír ao efecto invernadoiro.

Miscanthus x giganteus

Gramínea perenne de crecemento rápido que pode chegar a acadar os 4 m de altura. Especie non invasiva xa que non produce sementes viábeis e a súa propagación é só vexetativa.

Miscanthus x giganteus presenta baixas necesidades de auga e fertilización e unha capacidade alta para fixar CO₂.

Miscanthus x giganteus úsase na fabricación de papel, materiais de construción, como fixadora de nitróxeno, na recuperación de medios alterados por contaminantes, pero o seu uso principal é a produción de enerxía, tendo un poder calorífico de 17 MJ kg⁻¹– 20 MJ kg⁻¹.



Agromo *Miscanthus x giganteus*




Rizoma *Miscanthus x giganteus*

Populus spp.

Árbores de tronco recto e con facilidade para reproducirse por estacas. O seu rápido crecemento e a súa alta taxa de transpiración fai que sexan unhas das especies arbóreas máis eficaces na fixación de carbono atmosférico.

As plantacións de chopo para fins enerxéticos son realizadas a alta densidade co obxectivo de diminuír o custo de plantación e da colleita posterior.

Os cultivos enerxéticos de chopo colléitanse en parada vexetativa, cando as follas xa caeron ao chan, con rotacións de 2 a 4 anos.



Estaca de chopo



Agromo de chopo